Querido Tobío:

Velahí che van os dous documentos de que che falei. O artigo de Scrutator, anque vello, ainda ten interés e cicáis a ti che conveña conservalo para os teus estudos.

Denantes de saír de Montevideo fun ao Centro Republicano para despedirme. A xente amostrouse normal. Deixamos provisionalmente constituida unha Delegación de Galeuzca.

Ao chegar a Bos Aires atopeime con algunhas novedades que delatan o avance impetuoso das nosas ideias. Tamén me atopei cun artigo de Ossorio encol dos Separatismos inzado de parvadas apañadas no Espasa, no que di, para empezar, que as linguas romances eran tres: castelán, catalán e portugués...

Cheguei preñado de canto ti me dixeches. Certamente eu necesito de ti, porque xa non teño tempo de improvisar o camiño que nos leve ao esterior. Tampouco teño â miña veira quen me axude nos traballos, pero abondan e sobran os que me interrumpen e confunden. Faime o favor de mandarme os esquemas que che pedín. Eso será ouro para min. Non te esquezas.

Con saúdos para a túa dona, meus e da miña.

Unha forte aperta do teu invariable amigo e irmán

Castelao

Bs Aires, 12 de maio de 1944

Belgrano, 2605.